

2/466 ATRIBUCIÓN DE FUNCIÓNS DA DIRECCIÓN XERAL DE RECURSOS HUMANOS AO TITULAR DA ASESORÍA XURÍDICA DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO.- Examinado o expediente tramitado para os efectos e visto o informe proposta do vicesecretario accidental do 12 de novembro de 2025, na parte expositiva do cal se fai constar:

“Examinado o expediente tramitado e vistos:

1. Acordos números 7/122, do Pleno do 30 de xuño de 2016, polo que se crea un posto directivo da DIRECCIÓN XERAL DE RECURSOS HUMANOS.

2. Decreto número 10280/2025, do 5 de xullo de 2016, polo que aproba a organización municipal actualmente vixente e na que se prevé, dentro da ÁREA DE XESTIÓN INTEGRAL DE RECURSOS INTERNOS, a posible existencia da figura dun/dunha director/a xeral de Recursos Humanos. Quedan integrados na citada dirección xeral os postos de traballo e as unidades que forman parte do Servizo de Persoal, Servizo de Prevención e Saúde, Médica municipal, Conserxería e Notificadores.

3. Vistos os artigos 56 e 57 do REGULAMENTO ORGÁNICO MUNICIPAL DO GOBERNO E ADMINISTRACIÓN DO CONCELLO DE LUGO (ROMGA), aprobado o 06-02-2006 e modificado o 05-11-2007, dispoñendo este último que o nomeamento dos directores xerais corresponde á Xunta de Goberno Local.

4. Considerando que a xestión dos recursos humanos representa unha dificultade importante en calquera organización sobre todo se a dita xestión se pretende eficiente, sen descoñecer que estamos a traballar con persoas e non con outro tipo de recursos.

O Servizo de Persoal é unha peza clave e transversal en calquera Concello e no de Lugo é un servizo no que o persoal adscrito a este adica un esforzo moi considerable, pero o volume de traballo é de tal entidade que non se acadan resultados óptimos para todos. Polo tanto, e coa finalidade de colaborar nas súas tarefas, preténdese poñer en marcha unha figura xa creada pero actualmente sen cobertura. Trátase dun director de Recursos Humanos.

Dada a disposición do titular da Asesoría Xurídica de asumir transitoriamente as funcións de colaborar na dirección e baixo a dependencia da concelleira delegada da área, co fin de desconxestionar a situación, considérase conveniente a atribución transitoria ao primeiro, dalgunhas das funcións de director/a xeral de Recursos Humanos ata que se proceda á cobertura da Xefatura do Servizo de Persoal e/ou dun director/a de Recursos Humanos sen que deste acordo se derive ningunha obriga económica por parte do Concello.”

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refª: ispac5831913736831550108.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 19-11-2025

A Xunta de Goberno Local, con base na referida proposta e por unanimidade de todos os seus membros presentes, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Atribuírlle a **DON MANUEL LOUZAO ALDARIZ**, titular da Asesoría Xurídica, con carácter temporal as funcións correspondentes á Dirección Xeral de Recursos Humanos en concordancia co artigo 56 do ROMGA, respectando as propias do persoal adscrito ao Servizo de Persoal e que son as seguintes:

- a) Propoñer os proxectos da súa dirección xeral para acadar os obxectivos establecidos polo ou pola titular da área de goberno na que se integra, dirixir a súa execución e controlar o seu adecuado cumprimento. *Esta atribución comprende a elaboración de instrucións e circulares internas de persoal.*
- b) Impulsar e supervisar as actividades que constitúan parte da xestión ordinaria do órgano directivo.
- c) Velar polo bo funcionamento dos órganos e unidades administrativas e servizos adscritos ao centro directivo.
- d) Apoiar o/a titular da área de goberno, o concelleiro delegado ou concelleira delegada e o coordinador ou coordinadora xeral, se houbese, na planificación da actividade do seu ámbito de actuación, a través do correspondente asesoramento técnico, así como no control de eficacia e eficiencia, en canto afecte ao ámbito de actuación do centro directivo.
- e) As restantes funcións que, tendo carácter directivo, lle encomenden os órganos superiores. *Dentro deste apartado se considera necesario atribuír as relacións coas organizacións sindicais, as propostas de elaboración e revisión da relación de postos de traballo e o cadro de persoal así como a elaboración da proposta de oferta de emprego público.*

SEGUNDO.- Créase unha comisión de apoio integrada polos seguintes órganos directivos municipais: interventor/a xeral, secretario/a xeral do Pleno, titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local (vicesecretario/a municipal) e titular da Asesoría Xurídica, neste caso en funcións de director xeral de Recursos Humanos e que será convocada por este como presidente da comisión cando o considere necesario para a toma de decisións relevantes. Así mesmo, poderán ser convocados técnicos municipais e representantes sindicais.

TERCEIRO.- Proceder á tramitación legal e regulamentariamente establecida e á súa publicación no BOP.